

## **ACTA DA MESA DE ALCALDES E ALCALDESA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.**

Reunidos no Palacio de María Pita do Concello da Coruña, o 17 de outubro de 2016 ás 13.00 horas, os representantes dos Concellos da área metropolitana que asinan o pe do presente documento, abordan a orde do día que segue:

1. Resolución primeira convocatoria Estratexias DUSI.
2. Estado de situación e proposta de avance na estratexia metropolitana deseñada no Acordo de Mariñán (21 de abril de 2016):
  1. Alicerces para avanzar.
  2. Requirimentos para as Mesas.
  3. Enfoque de futuro.

O Alcalde da Coruña da a benvinda aos asistentes e inicia a sesión de traballo abordando a primeira cuestión da Orde do Día:

### **1. RESOLUCIÓN DA PRIMEIRA CONVOCATORIA ESTRATEXIAS DUSI.**

O Alcalde da Coruña da conta á Mesa de Alcaldes da Resolución do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas respecto da convocatoria das Estratexias DUSI (convocatoria 2015). A citada Resolución, a inmediatez dunha segunda convocatoria e a posibilidade (incerta polo de agora) dunha terceira convocatoria en 2017 fai replantexar a cuestión e os acordos de abril (xuntanza de Mariñán) ao respecto.

Para o Alcalde da Coruña a situación podería resumirse do xeito seguinte:

- a) A curto prazo é preciso reformular a cuestión das Estratexias DUSI. Toda vez que A Coruña non conta con EDUSI aprobada pero si conta con ela o Concello de Culleredo, o escenario previsto en abril non é asumible neste momento. Respecto disto o Alcalde da Coruña propón:
  - Dar liberdade a todos os Concellos do Área para formular EDUSI coas alianzas que cada quen entenda máis vantaxosas pero mantendo os alicerces da estratexia metropolitana aprobados por todos e todas en abril en Mariñán.
  - Reconsiderar a presentación dun proxecto conxunto dos concellos do área e pospoñelo a unha eventual terceira convocatoria (si así se considerara chegado o caso).

Esta proposta é aceptada por unanimidade dos Alcaldes e Alcaldesa presentes na xuntanza.

## 2. ESTADO DE SITUACIÓN E PROPOSTAS DE AVANCE NA ESTRATEXIA METROPOLITANA

Continúa coa análise o Alcalde da Coruña subliñando que as prioridades son:

- Dispor dunha estratexia da área urbana da Coruña.
- Superar as limitacións da metodoloxía das Mesas e Grupos de Traballo artellados en Mariñán (abril 2016).
- Lanzar e impulsar unha lei de área metropolitana da Coruña, inspirada nas experiencias de Vigo e Barcelona, pero con aspiracións de mellora e innovación respecto destes precedentes.

Neste momento o Alcalde encomenda ao técnico municipal José Manuel Peña que explique o contido do documento que se entrega aos Alcaldes e que contén:

- Informe técnico sobre a estratexia metropolitana da Coruña.
- Esquema do documento de diagnóstico e estratexia da área urbana da Coruña.
- Calendarios e fitos das Mesas/Grupos de Traballo.
- Asistencias técnicas vinculadas aos traballos das Mesas e Grupos de traballo.

A continuación, o Alcalde da Coruña solicita unha rolda de intervencións para que os presentes manifesten a súa posición respecto da análise realizada.

Intervencións realizadas:	
<b>Alcalde de Abegondo</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▶ Manifesta a súa posición favorable ao Área Metropolitana.</li><li>▶ Respecto da Estratexia fondos europeos, é favorable a dar “independencia” aos concellos dada a situación existente.</li></ul>
<b>Alcalde de Culleredo</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▶ Enorgullécese do traballo das Mesas, fai unha valoración moi positiva e subliña a importancia de mantelas, e mesmo potencialas.</li><li>▶ Manifesta a súa posición favorable ao Área Metropolitana.</li></ul>
<b>Alcalde de Betanzos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▶ Felicítase polo traballo das Mesas,</li><li>▶ Manifesta unha posición favorable ao Área Metropolitana.</li></ul>
<b>Alcaldesa de Bergondo</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▶ Manifesta a súa posición favorable ao impulso da Lei da Área Metropolitana.</li><li>▶ Manifesta que o traballo das mesas serve para avanzar na “construción de área”.</li></ul>
<b>Alcalde de Oleiros</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▶ Expón a necesidade de establecer prazos e intensificar a velocidade na toma de decisións cara ao Área Metropolitana.</li><li>▶ Manifesta que existe unha necesidade real de mancomunar servizos (lixo, auga, transportes, etc.).</li><li>▶ Manifesta que está de acordo pero quere que se fixe data inminente para o primeiro acordo de impulso da Área Metropolitana.</li></ul>

<b>Alcalde de Sada</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Manifesta o seu acordo ao impulso da Área Metropolitana.</li> </ul>
<b>Alcalde de Arteixo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Expón que non cre en modelos obsoletos: nin Consorcio nin Mancomunidade.</li> <li>▶ Manifesta a súa posición favorable á Área Metropolitana.</li> </ul>
<b>Alcalde da Cambre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Manifesta a súa posición favorable á Área Metropolitana.</li> <li>▶ Expón que elaborarán unha DUSI propia en sintonía coa Estratexia Metropolitana.</li> <li>▶ Reclama ambición nos prazos.</li> </ul>
<b>Alcalde de Carral</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Manifesta a súa posición favorable á Área Metropolitana.</li> <li>▶ Expón as súas dúbidas con respecto aos prazos e tácticas a curto prazo.</li> </ul>
<b>Alcalde de Arteixo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Fai un comentario sobre os “ámbitos territoriais” do Área Metropolitana. Manifesta que non debería ser un “club pechado” A Coruña e o Consorcio. Fala da importancia do eixo industrial Arteixo-Laracha-Carballo e do entorno de Betanzos como áreas territoriais a vincular ao Área Metropolitana.</li> </ul>
<b>Alcalde de Oleiros</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Manifesta que non concorda con esa idea, que non ve a necesidade de “extender” o Área (especialmente nunha primeira etapa de lanzamento).</li> </ul>
<b>Alcalde da Coruña</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Agradece a predisposición de todos os Alcaldes e da Alcaldesa.</li> <li>▶ Expón que o prazo será un ano para enviar un proxecto consensuado de anteprojecto de Lei á Xunta.</li> <li>▶ Manifesta que o liderado corresponde aos dez concellos.</li> <li>▶ Ante a posición favorable de todos os Alcaldes e Alcaldesa presenta a posibilidade de estudar a sinatura da Declaración Institucional. Dase traslado dun proxecto de texto.</li> </ul>
<b>Alcalde de Arteixo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Manifesta problemas co mantemento do Consorcio e coa “morte” da Mancomunidade</li> </ul>
<b>Alcalde de Abegondo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Defende a adopción dunha posición e de non variala por disparidade de criterios “menores”.</li> </ul>
<b>Alcalde de Oleiros</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Expón a existencia dun problema legal: A Lei que impón a disolución do Consorcio ou a súa adscrición ao Concello de Oleiros.</li> <li>▶ Afirma que a “Mancomunidade” se morre e que debe nacer a “Área Metropolitana”.</li> <li>▶ Manifesta a súa vontade de asinar de xeito inmediato e nesta mesma sesión a Declaración Institucional.</li> </ul>

O Alcalde da Coruña propón, facendo mención a existencia deste clima favorable, que si algún Alcalde ou a Alcaldesa de Bergondo ten algunha achega que facer a proposta de declaración

Institucional a traslade por e-mail á Alcaldía da Coruña e que o obxectivo sería asinar unha Declaración Institucional coa unanimidade de todos/as.

A proposta é aprobada por unanimidade e decídese que inicialmente a data de sinatura será o 20 de outubro de 2016 no Concello da Coruña, quedando supeditada esta data á dispoñibilidade das axendas dose das presentes.

Neste punto, ás 15 horas, levántase a reunión.


A Coruña, 17 de outubro de 2016.

**O alcalde da Coruña,**



Asdo.: Xulio Ferreiro Baamonde

**O alcalde de Arteixo,**


P.A.  
  
Asdo.: Carlos Calvelo Martínez

**O alcalde de Betanzos,**




Asdo.: José Ramón García Vázquez

**O alcalde de Carral,**




Asdo.: José Luis Fernández Mouriño

**O alcalde de Oleiros,**



Asdo.: Angel García Seoane

**O alcalde de Abegondo**



Asdo.: José Antonio Santiso

**A alcaldesa de Bergondo,**




Asdo.: Alejandra Pérez Máquez

**O alcalde de Cambre,**




Asdo.: Óscar García Patiño

**O alcalde de Culleredo,**



Asdo.: Julio Sacristán de Diego

**O alcalde de Sada,**



Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández